




**Non sabes que regalarlle a papá?
Os libros son sempre unha boa
opción .
Na Biblioteca do CEIP de Vilarmide
Eduardo Noya temos unhas ideas
para que papá lea contigo, ou el só...**






Un pai é quen de transformarse nas cousas máis increíbles para favorecer a relación cos seus fillos: tractor, colchón, espertador, guindastre... Os afectos e o xogo visualízanse neste libro que transmite tenrura.

Páginas: 32 Tamaño: 22 x 22 ISBN: 978-84-8464-690-7 Premios : MENCIÓN ESPECIAL PREMIO NACIONAL DE ILUSTRACIÓN 2006 (PORTUGAL) MENCIÓN ESPECIAL LIBROS MELLOR DESEÑADOS DO MUNDO (ALEMAÑA)



**Carlos, Loli, Pili,
Braulio, Sonia,
Tatá e o can
Chispa viven nas
súas historias mil
e unha aventuras
que farán as
delicias dos máis
pequenos. Sobre
todo si o len con
papá.**



Ocurreu no zoo de Central Park, en Nova York. Tango foi a primeira pingüín que tivo dous pais. Unha familia diferente que nada, salta, xoga no estanque e que é feliz.

Páginas: 32

Tamaño: 22 x 27

ISBN: 978-84-8464-985-4

**Premios : LIBRO INFANTIL DISTINGUIDO 2006
(ASOCIACIÓN AMERICANA DE BIBLIOTECAS)**

**PREMIO HENRY BERGH 2005 (SOCIEDADE
AMERICANA PARA A PREVENCIÓN DA
CRUELDADE CONTRA OS ANIMAIS)**

**MELLOR LIBRO FAMILIAR DE 2006
(NICKELODEON MAGAZINE)**

**MELLOR LIBRO DO ANO 2006 (PREMIOS BANK
STREET COLLEGE OF EDUCATION)**

Despois
da chuvia

VIII Premio Internacional
COMPOSTELA
para álbums ilustrados
2015

MIGUEL CERRO

Kalandraka

Un diluvio inunda o bosque e os seus habitantes terán que buscar refuxio. O pequeno raposo ofrécese para buscar comida e auga, pero o grupo non cre nas súas capacidades nin nas súas intencións.

Páginas: 32

Tamaño: 19,5 x 29

ISBN: 978-84-8464-968-7

**Premios : VIII PREMIO INTERNACIONAL
COMPOSTELA DE ÁLBUM ILUSTRADO -
2015**

O bichero

AVILA



Cada un dos nove libros publicados de O Bichero é unha antoloxía das súas populares tiras de humor sobre a actualidade política e social. Humor e sarcasmo para entender un pouco máis todo o que nos rodea.




Castelao

COUSAS

Cousas é unha colección de corenta e cinco relatos satíricos cos que Castelao retrataba magnificamente non só o sentimento xeral de Galicia, senón tamén a súa cultura e a súa xente. Castelao acompañou cada un destes relatos cun pequeno debuxo que complementaba o texto.

Manuel Rivas

Un millón de vacas



Un millón de vacas está formado por dezasete historias que se poderían definir como fragmentos da vida das persoas asentadas en Galicia a finais do século XX.

DOMINGO VILLAR

OLLOS DE AUGA

En Ollos de auga o policía Leo Caldas realiza a investigación do asasinato na illa de Toralla do músico Lois Reigosa, que aparece morto no seu dúplex